

Croa 33 - 2023

**Consellería de Cultura, Educación,
Formación Profesional e Universidades**

Conselleiro

Román Rodríguez González

Secretario xeral técnico

Manuel Vila López

Director xeral de Cultura

Anxo Manuel Lorenzo Suárez

Directora do Museo

Elena Varela Arias

Consello de redacción

Equipo técnico do Museo do Castro de Viladonga

Revisión de textos en galego

Rodolfo Caballero Otero

Administración e intercambios

Museo do Castro de Viladonga

Viladonga s/n

27259 - Castro de Rei

Lugo - Galicia

museo.viladonga@xunta.gal

Deseño e maquetación:

Sond3 (www.sond3.com)

Fotografías:

Autores, Marta Cancio e arquivo fotográfico do museo

Imprime:

Gráficas Eujoa, S.A.

Castro de Rei,
Museo do Castro de Viladonga,
2023

D.L: LU - 39 / 2000

ISSN: 1575 - 0639

CROA

BOLETÍN DO MUSEO DO CASTRO DE VILADONGA

Nº 33 ANO 2023

Índice

6	Museo do Castro de Viladonga. 40 anos da súa creación (1983-2023). Museo do Castro de Viladonga	166	El Museo de León, semblanza de un resistente. Luis Grau Lobo
8	Fibelas, broches e apliques do castro de Viladonga. Catalogación e estudo da indumentaria civil e militar e dos restos orgánicos adheridos Álvaro Pérez Rozas	180	Novidades da Biblioteca do Museo do Castro de Viladonga(15). Ana Mª Rubiero Da Pena
		185	Normativa da publicación
38	El peine textil de hierro del castro de Viladonga. Miriam Fernández Otero		
52	Entre valados e piñeirais. Achegas arqueolóxicas ao coñecemento da presenza militar romana na Galicia nororiental. Andrés Menéndez Blanco. José Manuel Costa-García. Joao Fonte. Manuel Gago Mariño. Victor Vicente García. Pablo López Fernández		
68	Notas sobre a cabeza de Narla. Brais Rodríguez Romero		
72	Limpeza e consolidación dunha conteira de bronce do castro de Viladonga. Noelia Infante Quiroga		
84	Manuel Castro López, republicano, anticlerical e galeguista cando non era fácil selo. Antonio Prado Gómez		
108	Amando Suárez Couto: un renovador da imaxe. Celia Castro		
116	O afán de perpetuarse alén da morte. Os soterramentos e as exequias na Historia da Arte. Cristina Barreiro Abuín		
128	Achegas etno-históricas ao entroido da parroquia de Bazar (Castro de Rei-Lugo) no século XXI. José Manuel Blanco Prado		
150	Unhas notas de lectura: Do museo de Lugo ao castro de Viladonga. Felipe Arias Vilas		
156	O espazo museístico de Muimenta. Irene Díaz. Noelia Darriba		

MUSEO DO CASTRO DE VILADONGA.

40 ANOS DA SÚA CREACIÓN

(1983-2023)

O interese polo castro de Viladonga veu dado polos achados que se viñan producindo ao desenvolver os labores agrícolas e ao detectarse, a principios dos anos 70, a existencia de escavacións clandestinas. Estes feitos e a súa imponente presenza na paisaxe da Terra Chá foron o motivo do inicio das sucesivas escavacións arqueolóxicas no castro de Viladonga (Castro de Rei-Lugo).

A abundosa e variada cultura material exhumada nestes traballos arqueolóxicos foi o que levou ao historiador Manuel Chamoso Lamas, co apoio de Ramón Falcón Rodríguez, Subdirector General de Bellas Artes no Ministerio de Educación y Ciencia, a iniciar no ano 1975 a construción dun edificio, onde se puideran gardar, conservar, investigar e expoñer estes bens arqueolóxicos, poder difundilos e poñelos ao servizo da sociedade. O arquitecto coruñés Carlos Fernández-Gago fixo o proxecto inicial e co financiamento do Ministerio de Educación y Ciencia e a colaboración da Fundación “Barrié de la Maza” constrúese o edificio nunha das terrazas exteriores do xacemento, rematándose a súa construción no ano 1977.

A existencia do edificio, o número e singularidade dos achados, o interese científico e histórico do xacemento e a súa importancia no panorama arqueolóxico peninsular foi o que motivou ao Ministerio de Cultura, co informe favorable da Junta Superior de Museos presidida por Francisco Fariña Busto, á creación, por orde Ministerial de 10 de maio de 1983 (BOE del 29 de junio) do museo como Museo Monográfico do Castro de Viladonga, para conservar, investigar e expoñer os materiais procedentes das escavacións arqueolóxicas con fins científicos e de divulgación. Coa súa creación iniciouse o proxecto museolóxico e museográfico co fin de dar a coñecer a historia do castro e poñelo ao servizo dos cidadáns e no ano 1986 realízase oficialmente a inauguración do museo, baixo a dirección de Felipe Arias Vilas e coa asistencia da directora de museos estatais, Paloma Acuña Fernández.

No ano 1989 créase a Asociación de Amigos do Museo do Castro de Viladonga promovida por un grupo de persoas vinculadas á cultura e ao traballo no patrimonio cultural lucense e galego. Asociación que vén desenvolvendo un traballo moi positivo de colaboración para o museo e o castro tanto na promoción e difusión como no apoio en todo tipo de actividades.

O 1 de xaneiro do 1990 a xestión do museo, pero non a súa titularidade, foi transferida á Comunidade Autónoma de Galicia (Consellería de Cultura da Xunta de Galicia).

A falta de espazo para recibir a un público visitante cada vez máis numeroso e poder desenvolver todas as funcións museísticas que corresponden a este tipo de institucións, motivou que entre os anos 1989 e 1990 se presentase a necesidade de acometer un proxecto de reforma e ampliación do edificio do museo. A Xunta de Galicia aproba esta ampliación e o seu financiamento. Neste proxecto hai que destacar o papel decisivo do entón subdirector xeral do patrimonio histórico e documental, Xosé Carlos Sierra Rodríguez. O arquitecto José Luís Arias Jordán realiza o proxecto, rematándose a obra no ano 1994, conseguindo mellores espazos para o cumprimento das súas funcións. Este proxecto permitiu ampliar as áreas públicas do museo, expoñer novas coleccións, ampliar a zona de recepción dos visitantes e ofertar unha ampla variedade de actividades de difusión e servizos.

Desde o ano 2004, o museo exerce a tutela técnica do Conxunto Etnográfico das Pallozas do Cebreiro (Pedrafitas do Cebreiro, Lugo), poboado situado á entrada a Galicia do Camiño francés a Santiago de Compostela.

Desde o ano 2005 asume a recepción en depósito provisional e a xestión dos materiais procedentes das escavacións arqueolóxicas realizadas na cidade de Lugo e provincia, que desde o ano 2014, por problemas de espazo, se custodian nun almacén externo en Lugo.

No ano 2007 iniciouse unha renovación do proxecto museográfico e museolóxico das salas de exposición con novas imaxes e novos medios técnicos e de comunicación, utilizando as novas tecnoloxías para explicar a historia do castro, o seu modo de vida e os seus materiais, así como o seu contexto cultural. Esta renovación museográfica realizouna a empresa Castro&Val seguindo o proxecto museolóxico elaborado polo persoal técnico do museo.

No ano 2013, a Xunta de Galicia concedeu o Premio Cultura Galega 2013 de Patrimonio Cultural a este museo como recoñecemento ao seu traballo constante de conservación e difusión do patrimonio arqueolóxico, así como pola súa actividade didáctica e dinamizadora.

O museo, ademais dos traballos de conservación, documentación, consolidación e restauración do xacemento e dos bens culturais que custodia, segue desenvolvendo proxectos de investigación que sacan a luz novos datos sobre o xacemento e que permiten renovar e proporcionar máis información na exposición. O museo conta con programas de acción didáctica para escolares de infantil, primaria e ESO, diversas publicacións e actividades complementarias como exposicións, obradoiros para escolares, adultos e

familias e outras actividades culturais e festivas, co fin de acercar a un maior número de visitantes a que coñezan e desfruten deste conxunto arqueolóxico. O proceso de dixitalización, a publicación das páxinas webs e o uso das redes sociais, conscientes dos cambios na comunicación, cun público cada vez máis conectado as plataformas dixitais, foron fundamentais para a mellora da comunicación e difusión deste contexto arqueolóxico e as súas actividades, aumentando o número de visitantes, tanto presenciais como virtuais.

No ano 2020, por resolución do 22 de xullo (BOE 30 de xullo), actualízase a denominación do museo como Museo do Castro de Viladonga.

Cumpridos 40 anos da súa creación, neste nº 33 da publicación anual CROA queremos deixar constancia do noso agradecemento a todas as institucións, asociacións en especial á Asociación de Amigos do Museo, a todos os traballadores/as, colaboradores/as, usuarios e visitantes, polos seus traballos, achegas, pola súa dedicación e profesionalidade que fixeron posible este proxecto, en especial a Felipe Arias, impulsor deste museo.

Museo do Castro de Viladonga

